

Bruxelas, 24 de febreiro de 2009

Contribución da Fundación Galicia Europa á consulta pública da Comisión Europea sobre o Libro Verde de Cohesión Territorial

O concepto de cohesión territorial, que pretende unha maior harmonización e equidade entre os territorios da UE, foi incluído no novo Tratado de Lisboa, como un novo principio reitor que vén a engadirse aos de cohesión social e económica xa incorporados previamente. Coa próxima entrada en vigor do Tratado de Lisboa, este principio pasará a estar plenamente vixente.

Por este motivo, dende o ano pasado, a Comisión Europea mantén aberto un proceso de reflexión para, en primeiro lugar, precisar a definición deste concepto, e posteriormente garantir a súa aplicación como un dos principios reitores e inspiradores das políticas comunitarias. No cadro deste proceso, en outubro de 2008, a Comisión Europea publicou un Libro Verde sobre a cohesión territorial co que pretende abrir o debate a todos os actores interesados en Europa. A Comisión está a procura de opinións para poder definir entre todos os interesados o que se entende por principio de cohesión territorial e as súas implicacións políticas. Esta consulta pechará a finais de febreiro e con posterioridade a Comisión Europea publicará un documento onde se recollerán de modo resumido as contribucións a este debate.

Con este documento, a Fundación Galicia Europa pretende participar neste debate aportando a súa visión sobre o que debería ser o principio de cohesión territorial. En opinión da Fundación Galicia Europa, a implementación deste principio deberá implicar a toma en consideración dos seguintes elementos:

1. Reforzo da cooperación territorial

- A Fundación Galicia Europa considera a cooperación territorial como un instrumento clave para potenciar a cohesión territorial. Neste senso, considera necesario o reforzo e a mellora desta cooperación, especialmente polo que se refire ao capítulo fronteirizo.
- A experiencia de Galicia neste eido, en tanto que rexión pertencente ao maior espazo de cooperación transfronteiriza da UE e como principal rexión deste espazo, avala a necesidade de seguir profundizando na cooperación territorial entre rexións fronteirizas.
- Neste contexto, a recente creación da AECT Galicia - Norte de Portugal abre numerosas oportunidades para unha mellor cooperación sempre que existan recursos suficientes para asegurar a súa actividade.

2. Establecemento de novas formas de gobernanza

- En aras dunha maior coherencia da acción comunitaria, o principio de cohesión territorial debería traducirse nunha maior coordinación entre as diferentes políticas de desenvolvemento que se aplican a nivel rexional.
- Con este obxectivo, a Fundación Galicia Europa estima necesaria unha maior participación dos entes subnacionais na política rexional.
- Neste senso, as autoridades rexionais deberían acadar un maior capacidade de decisión concedéndoselles o estatuto de “autoridades de xestión” cando elas mesmas así o requiran. Na situación actual, corresponde ás autoridades nacionais exclusivamente a decisión sobre quen constitúe a autoridade de xestión. No caso español esta responsabilidade non lles corresponde á administración das comunidades autónomas. Non en tanto, están suficientemente preparadas para asumila e tal asunción desta podería alixeirar moito a carga burocrática.

3. Fomento do papel das cidades pequenas e medianas

- As cidades pequenas e medianas desempeñan un papel fundamental como polos de desenvolvemento económico e centros abastecedores de servizos para as zonas rurais que constitúen un compoñente fundamental da UE. O principio de cohesión territorial debe responder a esta realidade, concedendo prioridade a este tipo de estruturas territoriais.
- Por outra banda, o desenvolvemento das zonas rurais permitirá facer fronte a un dos principais problemas sinalados no Libro Verde: a concentración e a conxestión das grandes aglomeracións urbanas.

4. Toma en consideración dos custos de prestación dos servizos de interese xeral

- Todos os cidadáns da UE deben ter acceso ós mesmos servizos de interese xeral independentemente do seu lugar de residencia. Os custos de prestación por persoa son moito máis altos nas zonas de baixa densidade de poboación, entre outros motivos, debido as dificultades que presenta a prestación dos servizos. Esta problemática afecta plenamente a rexión como Galicia. O principio de cohesión territorial debería ter en conta estes custos.